

Carta de Tervuren

O banco dos mil e un soños

XAVIER QUEIPO



Fotografía: Cé Tomé

O texto dispón apuntamentos estacionais recollidos dos cadernos de peto dando lugar a unha escrita fragmentaria que ten como única ancoraxe o lugar onde ela foi concibida.

I. Paisaxe (outono)

Abraio de cores cando descubro a bancada baixo a árbore que en abano de talos torturados fai lembrar unha foresta en miniatura.

É outono e as follas mudaron de cor: traxedia recorrente dos depósitos férricos, da retracción de

fluídos, da cerimonia de separación, da perda de puxos aéreos, da ausencia de perspectivas, da diapausa reactiva á acción insidiosa das variábeis que foxen de toda predición, das chuvias e os ventos que van vir, da neve que atacará en folerpas doces cos seus coitelos de frío, da xeadá e da sarabia nas noites grises sen lúa.

É outono e coma sempre abraio de cores en contraste nas sebes onde as follas resisten co seu verde sempiterno e as árbores van deitando pinceladas de cor no chan húmido e frío, que se acama e se recoce nun levedar constante, onde medrarán cogomelos xurdidos como por arte

de maxia nos tecidos abrancazados da marabillosa rede de hifas que se expande subterránea, que agroman coa humidade da noite e a caloríña morna das poucas tardes onde as raiolas agariman a terra.

Sento na bancada e observo o paso do tempo. Non é doado. O tempo semella detido, estático, conxelado apenas. *Stillness*, se cadra *stillness* defíneo ben, en inglés mellor, como de realidade estática, como de xarda pasmada atrapada nun bloque de xeo. Tiro do bolso un caderno de peto e comezo a esborranchar deseños á man alzada, anotacións inauditas, rexistros caligráficos tortuosos, coma se atesourase no peito o verme dun degoiro.

Cando foi a última vez na que sentín o acougo bastante? Cando na que detiven o trecolear ansioso para escoitar o son do vento cantando entre as faias? Cando soñei en nada e malia iso fun feliz ás atoutiñadas? Cando sentín o leve palpar dun bico lanzado a mil quilómetros? Cando te encontrei? Cando te perdín nunha fita de Möbius con dúas caras infinitas?

II. Respiración (inverno)

Frío na pel e frío no corazón. Daquela recollo da memoria a ciencia da respiración aprendida cando neno. Sentado na bancada verde, coas costas estricadas e as pernas pregadas como me ensinara o avó ilustrado, baixo as follas da árbore magnífica, observando a sebe sempre viva, collo aire para encher os pulmóns até que as costelas non dean máis de si e o tórax experimente os seus límites elásticos de armazón de canas de bambú. Fago presión para baixar o diafragma, septo brutal entre cavidades. Observo o horizonte próximo mentres unha araña diminuta xorde da mornura do humus. Devagar, impelido por unha forza mesurada vou ceibando o aire a pequenos impulsos. A araña fica estática, abraída se cadra pola quietude do mundo conxelado. Conto ata seis latexos do corazón. Outra expiración: co-

rrente que vai medrando polo espiñazo enriba. Repito agora a manobra cos mesmos tempos e intensidades. Unha vez e mais outra. Dinámica da circulación sanguínea, a vista clarea e o corpo semella acordar nesta tarde de inverno. Encol dos ombreiros, nas miñas costas, sinto a sombra acolledora dos nove talos que conforman a foresta minúscula. Sinto a sombra acolledora de Nanja como se eu fose un aprendiz de lama camiño da iluminación, como se esta árbore fose un pipal, unha figueira sagrada, o lugar mesmo onde Gautama, iluminado, se transformou en Buda.

Frío na pel e frío no corazón, mais o interno arde e se consome.

III. Lugar no mundo (primavera)

Ouro no peito, chega na primavera o paporroibo (*Goud op de borst / Komt in de lente / De roodborst*).

Primavera, cando as árbores acordan nos seráns escarlata. As nubes lucían espléndidas, como saídas dun cadro de Magritte. Nubes que medraban na cima dunha copa ou na sobrecella, que delimitaban campos semánticos ou reinventaban paisaxes surrealistas, que facían acordar no medio de soños fantásticos e sequidade nos beizos. Agora as estacións mudaban cunha cadencia estraña, con invernos curtos e primaveras alternantes, con veráns de instauración tardía e lindes pouco definidos, con outonos inexistentes, onde a caída das follas coincidía coa aparición das primeiras nevaradas, ou onde tomar baño no río era una alternativa posíbel. As nubes fixéronse mestas naquela desorde de signos. Cúmulos branquísimos e un frío terrible. Ceos dun azul apagado, case turquesa, e unha sensación estraña de que o tempo se detén (*Stillness*, xa dixen *stillness*, díxeno?); que cadaquén pode atopar —abraio da descuberta— o seu lugar no mundo, de camiño tortuoso ou iniciación ao paraíso.

Reviro o meu interior como quen dá volta a unha luva.

Sen o necesario tempo cobizado para repensar a existencia propia,
replícanse devagar as estruturas amarelas na retina das carpas, facendo xurdir
en cromática enxurrada unha fita de imaxes estrambóticas, que dilúen en esencia
acuática todo o que na superficie acontece

Se cadra o meu lugar no mundo, ese lugar único, privativo, onde eu son eu é esta bancada onde contemplo as nubes, as follas das árbores, a araña pasmada polo frío, onde escoito a danza do vento, onde sinto a unión dos contrarios, a vasteza do horizonte e a soidade máis fonda, a sensación de estar á valga aboiano nun mar verde atravesado por unha cobra sen ollos.

Desvarío, con certeza desvarío. A que vén a dúbida, o discurso sobre os contrarios, o xogo de abelorios sobre o fluído e o sólido nunha recreación simplista do Tao do mundo, da dialéctica dos sentidos?

Non sei, deste lado do paraíso todo semella distinto.

IV. Soño quimérico (verán)

O vento move / as follas da cerdeira / o merlo canta! (*De wind waait door / de bladeren van de kersenboom / de merel zingt!*)

As flores de loto invaden o estanque das tartarugas, disimulan os excesos e as tensións que acontecen no sorriso: combates desiguais onde vencen as forzas subacuáticas, xurdidas da anorexia subxacente á condición escura.

Os seres máis deformes que a sufrida natureza pensase para si, habitan as raíces flutuantes dun mundo gañado en batalla singular. Naumaquia que reordena o fluxo de substancias na lagoa averdada, onde nadan sen descanso carpas exoftálmicas e albinas.

As intermitentes flores do dourado loto, co seu abre/pecha reactivo, tapizan o estanque das tartarugas, levadas polo aire violento no río sen fin das mutacións circadiáns, verdadeiras nais nutricias de todos os ciclos coñecidos, de todas as marabillas soñadas na ilusión de tensión e resistencia.

Sen o necesario tempo cobizado para repensar a existencia propia, replícanse devagar as estruturas amarelas na retina das carpas, facendo xurdir en cromática enxurrada unha fita de imaxes estrambóticas, que dilúen en esencia acuática todo o que na superficie acontece.

Xa mesmo estiran as garridas tartarugas os seus pescozos riscados, gozando da brisa mol que contorna con dozura as pedras do estanque, chegada en suaves ondadas dos catro cantos da estancia fría, onde o deus Eolo deixara repousando os seus amados fillos.

Os nenúfares albinos inventan unha vida subacuática, atraendo coas trampas do fedor de corolas inflamadas, engaiolando os inimigos coa aparencia sólida das follas, contornando perigos presentidos e mutacións salgadas.

Hai unha batalla singular de paladíns contra heroes en declíneo. Hai rinchar de coirazas e salferir de sangue de cores imposíbeis, que bañan os corpos deformados na liorta sen cuartel, mentres do abismo do pasado xorde o escamudo antepasado ancestral.

Estouran ferros contra ferros penetrando logo nas carnes. Soldados replicando as súas forzas na espera da fartura na vitoria, da rapina que sempre sucede as batallas de soga e coitelo desalmado, dende que o mundo inventara en pesadelo territorios e batallas.

Mentres as carpas do estanque mostran as feridas inflixidas, os ollos exoftálmicos burbullando globosos, as escamas en sarabullo de feridas e infestacións reactivas, as queixadas deformadas polo enfisema da derrota hídrica.

Na confusión da naumaquia singular contra o inimigo invisíbel, as fantásticas trirremes atacan as carracas dos veciños, as lombardas e os canóns disparan salvas coa pólvora mollada, mentres un fume azulado se estende sen límite preciso.

Nubes de sinais cifradas expanden a angustiada luz azul, que todo invade nos seus pálidos reflexos malaquita. O aire vaise inzando de cheiros e cadáveres espallados, morte masiva que anuncia unha retirada táctica dos heroes.

Armada apoteose inzada de setas en ourizo asimétrico. Oriflomas coloradas en estratexia de combate en campo aberto. Cornos de chamada que en tempos fixera soar o magnífico Roldán. A espada na man do glorioso Abbadón, anxo exterminador.



O banco dos mil e un sortos
Fotografía: Xavier Queipo

V. Síntese intemporal

Abraio de cores cando descubro a bancada baixo a árbore que en abano de talos torturados fai lembrar unha foresta en miniatura.

Frío na pel e frío no corazón, mais o interno arde e se consome.

Non sei, deste lado do paraíso todo semella distinto. Avanzando nun xel laranxa. Sen dúbida iso é o real. Abrente? Solpor? Se cadra quietude. Xa dixen quietude?

Desvarío, con certeza desvarío. A que vén a dúbida, o discurso sobre os contrarios, o xogo de abelorios sobre o fluído e o sólido nunha recreación simplista do Tao do mundo, da dialéctica dos sentidos?

Stillness, xa dixen *stillness*? Sento na bancada e observo o paso do tempo ■